

Belén Trigo García (Departamento de Dereito Común – Área de Dereito Civil)

## 1. Competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para lexislar na materia

Cómpre ter en conta a competencia sectorial (montes) e a competencia sobre lexislación civil, de acordo co establecido na Constitución Española (CE) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG).

- ▶ O art. 149.1.23.<sup>a</sup> da CE atribúelle ao Estado a lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e protección do medio.
- ▶ Segundo o art. 149.1.8 da CE, a lexislación civil (conservación, modificación e desenvolvemento dos dereitos civís propios) corresponde ás comunidades autónomas onde existan. Galicia é unha das comunidades cun ordenamento civil propio, co seu sistema de fontes (vid. arts. 1 e 2 da LDCG e art. 149.1.8 inciso final CE; vid. infra, o art. 27 EAG).
- ▶ O art. 149.1.23.<sup>a</sup> CE atribúelle ao Estado a lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e protección do medio.
- ▶ No art. 27 do EAG, a Comunidade Autónoma de Galicia asume competencia en:
  - Catro. Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do derecho civil galego.
  - Dez. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no art. 149.1.23.<sup>a</sup> da CE.
  - Once. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

### 1.1. Normativa aplicable

#### a) Lexislación estatal

- ▶ A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (LM). O art. 2.1. establece a súa aplicación a todos os montes españoles (lexislación básica); en materia de montes veciñais en man común, remite á lexislación especial.
- ▶ Art. 393 do Código Civil (CC) por remisión do art. 64 da LDCG.

#### b) Lexislación galega

- ▶ Lei 2/2006, do 14 de xuño, de derecho civil de Galicia (LDCG).
- ▶ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG).
- ▶ Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (LMVMC).
- ▶ Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de montes veciñais en man común.

- ▶ Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro (Decreto SOFOR).
- ▶ Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

Podes consultar a normativa galega coas súas modificacións e actualizacións en [www.lex.gal](http://www.lex.gal), con versións en galego e en castelán. A normativa estatal e as normas galegas con rango de lei, no BOE: en [www.boe.es](http://www.boe.es) (en castelán) e en [www.boe.es/diario\\_boe/suplementos\\_gl.php](http://www.boe.es/diario_boe/suplementos_gl.php), as versións oficiais en galego.

## 2. Definición de monte na lexislación

Resulta evidente a transcendencia económica, social e cultural do monte (vid. infra, Caracterizacions e funcións do monte). En cambio, a delimitación do propio concepto de monte non resulta dodata, en parte debido á súa evolución histórica. De aí o interese da clasificación do monte: para os efectos xurídicos, a natureza do monte vai determinar o réxime xurídico aplicable e, en concreto, a súa titularidade e formas de xestión, explotación, desfrute e disposición (vid. infra, Clasificación dos montes).

Con carácter xeral o art. 5 da LM estatal ofrece a seguinte definición de monte:

“Todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumplan ou poidan cumplir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén a consideración de monte: a) Os terreos ermos, rochedos e areeiras. b) As construcións e infraestruturas destinadas ó servizo do monte en que se sitúan. c) Os terreos agrícolas abandonados que cumplan as condicións e prazos que determine a comunidade autónoma, e sempre que adquiriran signos inequívocos do seu estado forestal. d) Todo terreo que, sen reuni-las características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ó uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable. e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima determinada pola comunidade autónoma.”

Na mesma liña, o art. 2 da LMG equipara monte e terreo forestal, se ben estende o ámbito de aplicación do concepto e as súas finalidades. Este precepto entende por monte ou terreo forestal todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente, sexa que procedan de sementeira ou plantación,



Vista de Santiago de Compostela desde o monte da Almáciga. Fonte: Turismo de Santiago.

Para apreciar a presenza dos montes na paisaxe galega basta ollar ao redor. Santiago de Compostela sitúase, no eixo leste-oeste, entre o monte do Viso e o monte Pedroso. A zona urbana dá paso ás parroquias rurais, cun espazo periurbano. Nel, ao norte, o barrio da Almáciga esténdese sobre o monte do mesmo nome, o máis alto do casco urbano (vid. <https://www.santiagoturismo.com/miradoiros/monte-da-almaciga>)

que cumpran ou poidan cumplir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas. Así, teñen tamén a consideración de monte, entre outros, os terreos ermos, os rochedos e os areais. Finalmente, non serán considerados monte o solo urbano e o solo de núcleo rural (vid. arts. 16 e 23, respectivamente, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

### 3. Caracterización e funcións do monte

O Preámbulo da LMG identifica o monte como un **elemento esencial de identidade e cultura**. Velaquí algunas cifras que xustifican esta afirmación.

No ámbito forestal, a **superficie arborada forestal** de Galicia representa o 48% do seu territorio, con máis de 1.400.000 hectáreas.

En **termos económicos**, Galicia achega preto do 45% da produción nacional de madeira. E non é a única explotación económica posible do monte; cabe considerar tamén a gandería, a produción de cogomelos, o mel ou as canteiras, por falar só de actividades do sector primario.

Xunto á **función económica**, os montes desempeñan outras funcións de carácter **social, ambiental, cultural ou estético** (art. 5 LMG e art. 4 LM):

- ▶ Son esenciais para a conservación da biodiversidade de flora e fauna (especies autóctonas), a protección dos sistemas hidrolóxicos e do solo, a fixación do carbono atmosférico, o desenvolvemento sostible...

- ▶ Constitúen unha ferramenta para a fixación da poboación no rural, especialmente na Galicia interior, moi afectada polo fenómeno do avellentamento e o despoboamento.
- ▶ Son elemento básico para a ordenación do territorio e a organización de usos do solo, o que pode garantir a cohesión territorial. Esta función resulta de especial interese nun contexto de expansión urbana e de mestura de usos (habitacionais, produtivos e de recreo, así coma instalación de infraestruturas) nunha mesma zona; isto é, a propiedade periurbana, como unha zona intermedia entre o rural e o urbano.
- ▶ Son escenario de actividades de lecer como actividades cinexéticas, sendeirismo e outras prácticas deportivas, actividades culturais e recreativas, etc.
- ▶ Conforman a paisaxe galega e acollen parte do patrimonio cultural: muros secos de pedra [patrimonio da humanidade UNESCO 2018], curros e rapa das bestas...

Agora ben, propio da idiosincrasia galega é un tipo concreto de monte, o monte veciñal en man común e, en menor medida, os montes abertos, de voces, varas ou fabeo. Ambos os montes, en réxime de comunidade ou cotitularidade, contan cunha normativa propia e peculiar, e conforman unha das figuras más importantes e tradicionais do derecho civil galego.

### 4. Clasificación dos montes segundo o réxime de propiedade

#### 4.1. Montes de propiedade privada

Neste caso, o dominio dos montes privados pertence a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, individualmente



Vista de Santiago de Compostela desde o monte Pedroso. Fonte: Turismo de Santiago.

O Monte Pedroso dista uns 3 Km do centro urbano de Santiago. Está protexido da construcción desde hai anos para que ningún edificio poida competir en altura e visibilidade coa catedral (<https://www.santiagoturismo.com/miradoiros/monte-pedroso>).

ou en réxime de copropiedade (art. 13 da LMG). No derecho civil galego contan cunha regulación específica dúas comunidades de montes, nos que afondaremos máis adiante: montes veciñais en man común e montes abertais, de voces, varas ou fabeo.

#### 4.2. Montes de propiedade pública

Os montes públicos pertencen ás administracións públicas e outras entidades de derecho público (art. 13 da LMG).

##### a) Montes de dominio público ou demaniais

Son montes públicos declarados de utilidade pública e incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública, montes comunais, e montes públicos afectados a un uso ou servizo público (art. 15 da LMG).

Réxime: Estes montes son inalienables, imprescritibles e inembargables (art. 23 da LMG; vid. art. 132.1º da CE).

##### b) Montes comunais

Estes montes pertencen ás entidades locais, se ben o seu aproveitamento corresponde ao común dos veciños (art. 15 b) da LMG).

**OLLO!** A persoa propietaria ten, coas limitacións establecidas pola lei, as facultades de uso e aproveitamento; asemade, pode administrar e dispor do ben da súa titularidade (vid. art. 348 do CC). Agora ben, a xestión, o uso e o aproveitamento poden pertencer a persoas distintas da propietaria.

É o que sucede cos montes comunais:

- Son montes de titularidade pública: a propiedade correspónelles ás entidades locais (municipios, etc.).
- Son montes de aproveitamento colectivo: o aproveitamento correspónelles aos veciños. Vid. arts. 263 b) e 265–266 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Segundo o art. 57.1º desta Lei, é dereito dos veciños accederen aos aproveitamentos comunais de acordo coas normas aplicables.

##### c) Montes patrimoniais

Son montes de titularidade pública que non son demaniais (art. 16 LMG).

Cfr. o apartado 3 do art. 3 (Réxime xurídico) da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que remite á lexislación específica as propiedades administrativas especiais como montes, sen prexuízo da aplicación supletoria desta lei.

#### 5. Sistema rexistral forestal de Galicia

O art. 126 da LMG establece a creación dun rexistro administrativo de consulta pública para inscribir os distintos tipos de montes. Este rexistro recolle, en distintas seccións, os datos pertencentes, entre outros, aos seguintes rexistros:

- Catálogo de montes de utilidade pública
- Rexistro de Montes Veciñais en Man Común (vid. art. 26 LMVMC)
- Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Voceirío ou de Fabeo

- ▶ Rexistro de Montes de Xestión Pública
- ▶ Rexistro de Montes Protectores
- ▶ Rexistro de Montes Ordenados

## 6. Os montes veciñais en man común (MVMC)

**Definición:** Son predios que, independentemente da súa orixe, posibilidades produtivas, aproveitamento actual e vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñen aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos seus membros, na súa condición de veciños con casa aberta e con fume (art. 1 da LMVMC, art. 56 da LDCG).

**Veciños comuneiros:** Persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivera adscrito o aproveitamento do monte (art. 61 da LDCG; sobre prescripción e perda da condición, vid. arts. 62 e 63, respectivamente, da LDCG).

**Comunidade veciñal:** Entenderase composta polos veciños e veciñas que a integren en cada momento (art. 3 da LMVMC, art. 61 da LDCG).

**Relevancia:** A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común, xestionado por 2.800 comunidades de montes (Fonte: Consellería de Medio Rural–Xunta de Galicia; <https://ovmediorural.xunta.gal/>). Neste senso, o art. 121 apartado d) da LMG, sinala como unha das prioridades nas medidas de fomento, a posta en valor dos MVMC.

**Natureza:** A propiedade destes montes é de natureza privada e colectiva; a súa titularidade dominical e aproveitamento correspónelle á comunidade veciñal respectiva (art. 3 da LMVMC, art. 60 da LDCG).

**Clasificación:** Vid. arts. 9–13 da LMVMC e arts. 57–59 da LDCG.

**Deslindamento:** Vid. arts. 52–55 da LMG. Cfr. con disposicións transitorias décimo terceira (revisión de esbozo de MVMC) e décimo cuarta (avinzas realizadas entre MVMC) da LMG.

**Réxime:** Comunidade xermánica, sen atribución de cotas. Estes montes son indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables (art. 2 da LMVMC, art. 20 da LMG).

Este réxime non impide, porén, a inclusión do MVMC no proceso de reestruturación parcelaria (vid. art. 25 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia e art. 70.6º da LMG).

**OLLO!** As notas de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade son comúns aos MVMC e aos montes de dominio público ou demaniais e, dentro destes, aos montes comunais (vid. supra, a epígrafe Clasificación dos montes).

Agora ben, os MVMC son montes de titularidade privada, polo que o seu réxime é o de propiedade privada, non pública. Así, a xurisdición competente para coñecer dos litixios sobre MVMC é a xurisdición civil ou ordinaria (vid. art. 58 final da LDCG).

En resumo, os MVMC son de propiedade privada, malia teren un réxime singular que comparte características cos montes de titularidade pública, e sen prexuízo do importante papel que xogan as administracións públicas na defensa dos montes en xeral, tamén dos MVMC en particular (vid. infra a sub–epígrafe Protección do monte)

**Sistema de fontes:** Estes montes réxense pola súa normativa específica, a LMG, a LDCG e o costume (disposición final segunda da LMVMC e art. 46 da LMG).

**Capacidade:** Malia non seren persoa xurídica, as comunidades de MVMC poden realizar eficazmente actos e negocios xurídicos relacionados coa xestión e defensa dos recursos do monte (art. 4 da LMVMC, art. 20 da LMG).

Vid. LMVMC, arts. 5 (cesións e arrendamentos), 6 (expropiación e constitución de servidumes), 7 (constitución de dereitos de superficie), 8 (permutas). Vid. tamén LMG, arts. 57 (adquisición de terreos pola comunidade), 123 1º b) (contratos temporais de xestión pública).

**Estrutura e organización da comunidade:** A comunidade de MVMC debe contar cunha asemblea xeral como órgano de decisión e deliberación (art. 14 da LMVMC) e unha xunta reitora como órgano de goberno, xestión e representación (art. 15 da LMVMC).

**Estatutos:** Cada comunidade de MVMC debe contar cuns estatutos que regulen o seu funcionamento; sobre o seu contido mínimo, vid. art. 16 da LMVMC.

**Aproveitamentos:** O aproveitamento e desfrute dos MVMC correspónelle á comunidade titular conforme ás normas estatutarias e legais (art. 21 da LMVMC). A lei inclúe a posibilidade de aproveitamento particular (art. 22 da LMVMC; cfr. disposición transitoria décimo quinta da LMG).

**Reinvestimento:** As cotas mínimas de reinvestimentos en mellora destes montes son un 40% de todos os ingresos xerados e o 100% dos ingresos xerados a partir de produtos resultantes de incendios forestais, pragas e temporais (art. 125.1º apartados a) e b) da LMG).

**Protección do monte:** A comunidade titular do MVMC debe tomar as medidas necesarias para a xestión, explotación, protección e defensa do monte; en especial, velar pola prevención e loita contra incendios (art. 24 da LMVMC; vid. tamén arts. 48.4º a) [extinción, remate, vixilancia, investigación e repercusión de gastos de incendios forestais] e 58.1º [persoas beneficiarias] da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia). Ademais establecese a coordinación das comunidades de montes coa Administración pública, en concreto, coa consellería competente en materia de montes (art. 25 da LMVMC).

**Xestión cautelar:** En caso de grave abandono ou degradación do MVMC, a consellería competente en materia de montes xestionará de maneira cautelar o monte, así como cando a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia informe de que existen razóns obxectivas de índole técnica que non permitan ou limiten, total ou parcialmente, o aproveitamento forestal (arts. 27 e 30 da LMVMC).

**Extinción da comunidade:** A desaparición da comunidade de veciños titular do monte dá lugar á extinción do réxime; non obstante, esta extinción non é automática, senón que o monte pasa a ser incorporado ao Banco de Terras de Galicia, co fin de que a entidade xestora poida ceder o seu uso e aproveitamento nos termos establecidos na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, ata que, de ser o caso, se reconstitúa a comunidade veciñal (vid. arts. 27–30 da LMVMC; cfr. con art. 29 d) da Lei 6/2011).

**Banco de Terras de Galicia:** É un instrumento de carácter administrativo ao que poderán incorporarse as terras con vocación agraria, e no que se centralizan os datos relativos á oferta e demanda dos predios para seren cedidos pola entidade xestora do BTG para o seu uso e aproveitamento por calquera persoa. É tamén un instrumento para que a entidade xestora medie con terceiras persoas (art. 4 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras).

## 7. Réxime dos montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo

**Definición:** Montes cuxos copropietarios, sen prexuízo de realizaren en común aproveitamentos secundarios, acostuman reunirse para repartiren entre si porcións determinadas de monte ou searas para o seu aproveitamento privativo (art. 64 da LDCG).

**Natureza:** A propiedade destes montes, conservados *pro indiviso*, é de natureza privada e colectiva.

**Réxime:** Comunidade romana, ordinaria, *pro indiviso* ou por cotas. Estes montes son divisibles e transmisibles *inter vivos* ou *mortis causa*.

**Sistema de fontes:** Estes montes réxense polo costume do lugar, subsidiariamente, pola LDCG e polo CC, sen prexuízo do disposto na LMG (art. 45.1º LMG).

**Estrutura e organización da comunidade:** Cando estes montes pertenzan a máis de dez persoas, para a súa xestión poderá constituírse unha xunta xestora; se pertencen a menos de dez persoas propietarias e a falta de acordo unánime para constituir unha xunta xestora, constituirase unha asemblea (art. 45.2º e 4º da LMG).

**Aproveitamento:** Adoita ser individual, con reparto de porcións de monte entre os comuneiros, sen prexuízo de que sexan posibles os aproveitamentos colectivos, principais ou secundarios.

**Reinvestimento:** O 40% dos ingresos obtidos polo aproveitamento destes montes, como mínimo, deberá investirse no monte para a súa mellora (art. 45.10º da LMG).

**División:** En caso de división dos montes en copropiedad, atenderase ao costume; a falta de norma consuetudinaria, aplicarase a presunción de igualdade das cousas (art. 64 *in fine* da LDCG e parágrafo segundo do art. 393 do CC). As parcelas resultantes da división deben ter a extensión mínima establecida pola Lei (arts. 19 e 69 da LMG).

**Extinción:** A división total ou o feito de reunirse toda a propiedade en mans dunha única persoa titular dan lugar á extinción do réxime de comunidade (arts. 392 e 400 do CC).

## 8. Sociedades de fomento forestal (SOFOR)

**Definición:** Agrupacións que asocian propietarios de predios forestais ou persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que, ou ben ceden estos dereitos á sociedade para a súa explotación e xestión forestal convxunta, por un prazo non inferior a vinte anos, ou ben realizan as facultades propias do uso e ordenado aproveitamento das superficies forestais de súa propiedade (art. 3 do Decreto das SOFOR).

**Xustificación da figura:** A estrutura da propiedade e organización do monte galego caracterízase por unha excesiva fragmentación da propiedade e un baixo nivel de articulación corporativo, o cal dá lugar a explotacións de tamaño insuficiente para ser técnica e economicamente viables (vid. art. 2 do Decreto da SOFOR e artigo 29 da Lei 3/2007, do 9 abril, de incendios forestais de Galicia). Xa que logo, resulta aconsellable promover a reorganización da propiedade do monte e da propiedade forestal coa agrupación de persoas propietarias coas seguintes finalidades:

- ▶ Frear a división e fragmentación da propiedade do monte.
- ▶ Evitar o abandono ou baixo coidado do monte.
- ▶ Promover a explotación rendible e sustentable do monte.
- ▶ Favorecer a implicación de capital privado na explotación do monte.

**Réxime:** Sociedade de responsabilidade limitada (vid. a normativa estatal aplicable, Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital) con requisitos –de constitución e operativos– específicos; principalmente (art. 3 e arts. 4–23 do Decreto das SOFOR):

- ▶ Ter como obxecto social, únicamente, a explotación e aproveitamento en común de terreos forestais.
- ▶ Ter o domicilio social e fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ▶ Xestionar convxuntamente unha superficie forestal mínima.
- ▶ Dispor dun instrumento de planificación da xestión forestal.

**Registre:** O Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal é un rexistro público de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de montes (art. 24 do Decreto das SOFOR). Cómpre inscribirse para os efectos das subven-

cíons que outorgue a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (vid. arts. 34–36 do Decreto das SOFOR).

## 9. Para saber máis

### 9.1. Dereito estatal

#### a) Un pouco de historia

Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man comén (BOE núm. 35, do 9/2/ 1990).

Lei 52/1968, do 27 de xullo, de montes veciñais en man comén (BOE núm. 280, do 21/11/1980). DERROGADA. Esta lei recoñeceu lexislativamente a figura por vez primeira, se ben de xeito desnaturalizado, polas limitacións e restricións que contiña, así como pola inxerencia municipal.

Lei do 8 de xuño de 1957, sobre a nova Lei de montes (BOE núm. 151, do 10/6/1957). DERROGADA.

#### b) Régime tributario

Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades: O art. 7 desta lei inclúe as comunidades titulares de MVMC como contribuíntes do imposto de sociedades; e, a seguir, o art. 112 regula o seu régime tributario. Malia esta previsión legal, as comunidades de MVMC non son sociedades nin persoas xurídicas; a súa natureza xurídica é a de comunidade de bens.



Vista da Cidade da Cultura na cima do monte Gaiás. Fonte: Turismo de Santiago.

A transformación do monte Gaiás é un exemplo dos cambios nos usos dos montes froito da evolución socio-económica e urbanística (vid. <https://www.cidadedacultura.gal/gl>)

#### Bibliografía

Alló, M., Loureiro, M.L., "Assessing preferences for wildfire prevention policies in Spain", *Forest Policy and Economics*, Vol. 115, June 2020, Article number 102145

Busto Lago, J.M., en *Curso de derecho civil de Galicia*, Atelier, 2015, pp. 234–259

Fernández Santiago, C., en *Comentarios a la ley de derecho civil de Galicia*, (coord. Rebollo Varela, A.L.), Aranzadi, Cizur Menor (Navarra), 2008, pp.301–346

Trigo García, B., "Las comunidades de bienes en el Derecho gallego. Bienes en mano común normas administrativas y vinculación con la Casa. La competencia del legislador gallego en materia de comunidad de aguas y conexión registral", *Actualidad civil*, núm. 3, 2001, pp. 1057–1085

#### Outras referencias

Consello da Cultura Galega, Xornadas "Montes, territorio e paisaxe", Santiago de Compostela, 27 e 28 de setembro de 2018 (<http://conselloculturagal.evento.php?id=200723>)

Instituto Galego de Estatística (<http://www.ige.eu/>). Vid. datos sobre análise da cadea forestal, producción de madeira ou prezos da terra en Galicia

## 9.2. Dereito galego

#### a) Lexislación

Art. 52 da LDCG: Os patrucios dunha parroquia constitúen a veciña, que administra os bens en man comén segundo o costume ou conforme ao acordado pola maioría. Quedarán excluídos deste réxime os montes veciñais en man comén.

Art. 6. da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia: 1. Son entidades de economía social: i) As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man comén.

#### b) Xurisprudencia

STSXG (Sala do Civil e Penal), do 26/06/1998, relator: Pablo SAAVEDRA RODRIGUEZ (Roj: STSJ GAL 3864/1998 – ECLI: ES:TSJGAL:1998:3864). Esta sentenza recoñece os montes abertais, de voces, varas ou fabeo como institución consuetudinaria de Galicia (costume notorio). Posteriormente, a LDCG de 2006 incorpora a súa regulación lexislativa, despois completada pola LMG.

#### c) Pronunciamentos constitucionais

STC 127/1999, do 1/7/1999 (BOE núm. 181, do 30/7/1999). Recurso de inconstitucionalidade 175/1990, promovido polo presidente do Goberno de España contra o art. 10 (inciso segundo) e a Disposición adicional terceira da LMVGC. Declárase a inconstitucionalidade por non respectar as competencias exclusivas do Estado en materia de dereito procesual.

## 9.3. Dereito comparado

#### a) Dereito autonómico

Principado de Asturias: TÍTULO II De los montes vecinales en mano comén (arts. 102–127) da Ley 3/2004, de 23 de noviembre, de montes y ordenación forestal del Principado de Asturias (BOPA núm. 281, do 3/12/2004, BOE núm. 7, do 8/1/2005).

#### b) Dereito europeo

Portugal: Lei núm. 75/2017, Regime aplicável aos baldios e aos demais meios de producción comunitários (Diário da República n.º 158/2017, Série I do 2017/08/17).

Italia: Legge 20 noviembre 2017, núm. 168, Norme in materia di domini collettivi (17G00181) (GU Serie Generale n.278 do 28/11/2017).